

## NOTA INFORMATIVA

Segundo o previsto no artigo 25.2 do Regulamento de réxime interno das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a **Escola Infantil de Cangas-O hío** permanecerá pechada durante o mes de agosto.

As persoas que desexen presentar a súa solicitude de praza de novo ingreso para a baremación no proceso extraordinario de setembro (artigo 20.3 RRI), poderán facelo a través da Sede electrónica no seguinte enlace: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS404A&ano=2021&numpub=1&lang=es> ou no **registro do Concello** sito na rúa Paseo de Castelao, nº 2 en aplicación do previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo para a súa presentación rematará o 31 de agosto de 2021 (artigo 20.3 RRI).

Os impresos para a formalización da preinscrición así como a documentación que debe achegarse están dispoñibles nos enderezos electrónicos: <https://sede.xunta.gal>, <http://politicasocial.xunta.gal> e <http://www.igualdadebenestar.org>.